MITTELEUROPA

Vicente Risco



galaxia

MITTELEUROPA

l i t e r a r i a

1ª edición, 1934
1ª edición en Galaxia, 1984
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Vicente Risco, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-996-2

VICENTE RISCO

MITTELEUROPA



I
A VIAXE

ULTRA-QUEREÑO

Galicia e mailo día fuxiron xa de diante dos ollos pola acción solidaria do tren e do tempo. Imos subindo o porto de Brañuelas, mellor dito, o tren vaino subindo por nós. Puxéronlle unha máquina por retagarda que nos vén arrempuxando.

A máquina do tren decote canta: unhas veces é muiñeiras; outras veces outra cousa. Canta e fala; as verbas podemos nós pór as que nos dea a gana. Mais non sempre; agora subindo o porto de Brañuelas, a máquina fala e canta, e canta unha estrofa infinda cun verso de catro pés:

Tatatara, tatatara, tatatara, tatatara, tatatara, tatatara, tatatara, tatatara...

Claro está que isto de *tatatara,* que se oe clarísima e precisamente, non quere dicir ren, como non sexa en trampitán; mais morreu quen nolo podía explicar. E por non querer dicir nada, resulta que a máquina nos vai facendo a burla, coma se soubese que dende o maquinista que a manexa ao último viaxeiro, todos dependemos dela.

O *tatatara* vai despois trocando de tempo: andante, adagio, lento, andante, andantino, allegro, vivace, molto vivace, vivacissimo. Mais sempre é o mesmo: *tatatara, tata-*

tara, tatatara, tatatara... A locomotora non ten máis que nos dicir. Ben é certo que nin diso tiña obrigación, e que aínda moitas veces lle agradeceriamos que calase. Mais tamén pode que para algúns sexa un arrolo, pois hainos que xa van deitados.

Para o que non dorme, o ir no tren e ir calado —e non coma unha señora navarra casada cun galego, dos que di por certo que son os mellores maridos do mundo, e que vai para Alsasua coa súa nai, e que lle dá medo e tristura o ir soa no tren e non ter con quen falar, coma que quere falar con todos, e xa a emprendeu con outra señora de loito que viaxa cunha filla nova nin guapa nin fea, que se chama Gloria e cun rapaz novo que como non podía por menos, leva unha trinchera, ese uniforme da mocidade española, que eu coido que ten unha influencia ruín na mentalidade — e xa que este inciso me saíu tan longo, será mellor que siga con el: Rapaces de Galicia, deixade as trincheras; vendédeas nas prenderías para que fagan entroidos, ou dádellas á criada para que fregue os pisos ou lle saque brillo á cera, e vós facédevos cada un seu gabán da súa cor e do seu pano, se non queredes mellor levar a zamarra coma os paisanos, ou como aconsellaba Adam Mickiewicz aos peregrinos polacos.

Ben. Dicía eu que para o que non dorme, o ir no tren e ir calado, obriga a matinar en moitas cousas, a divagar polo menos, divagacións e matinamentos que un non aproveita despois para escribilos, e que quizais por iso mesmo aproveiten mellor para enrequentamento do espírito.

Tamén é certo que o pasar unha noite no tren transtorna as horas de tal xeito, que despois tanto ten madrugar coma non madrugar, sempre que despois non o volva a un coller o vicio na súa casa...

Ao fin...

CAPUT CASTELLAE

Esperto na Castela do Cid. "*Honni soit qui mal y pense*"... Chaira verde, porque é primavera, e moitas árbores, máis das que eu pensaba que habería. Todas diferentes das nosas. Todo está verde, doutro verde, un verde novo, un pouco ordinario, un pouco primario, de mal pintor baixo do sol nacente.

Non, non vaiades pensar que vou falar do romanceiro, nin sequera de Menéndez Pidal. As árbores estas son árbores procesionarias: coma a *betula fidelis* do noso roteiro lucense cara a Teixido, van aquí dúas ringleiras de chopos en procesión ao longo das estradas. E tódalas demais árbores tamén están en ringleira, en formación, non sei se militar ou eclesiástica, ou as dúas cousas. Están *en forma,* como contan que din os deportistas, e como aconsella ao home moderno o conde Keysenling. Mais aquí semella que a lei creba: estando como están *en forma,* ¿como é que non logran conquerir a paisaxe? ¿Como é que deixan que triunfe por riba de todo, e por pouco que se vexa arestora, a terra núa, clara, esbrancuxada e poeirenta, ferida de regueiros secos? En troques, as nosas árbores, andan cada unha por onde pode, ou por onde a deixan medrar, e así e todo, saben triunfar dos moitos inimigos que teñen: os donos dos predios colindantes, o Concello de Ourense, etc., e a pesar de tódolos *despoboadores forestais* hoxe á orde do día, impoñen á paisaxe o seu verde e a súa sombra. E aquí, non. E mais, non sei se aquí nas vilas se laiarán os veciños de que as árbores lles enchen de vermes as casas.

Pode que digades que aquela lei do mundo moderno se refiere aos homes, e as árbores non son homes. Mais os homes son árbores: o home, por fóra estatua —supoño que ha pracer o helenismo deste xeito de expresar a natureza humana— garda por dentro a esencia vexetal na árbore da vida das veas e das arterias. Segredo que arestora non podo explanar, nin tan sequera as derivacións éticas desta verdade.

O que agora importa é que entrándome polos buratos do nariz —unha das fiestras do pasillo do vagón vai aberta, convén dicilo para que vos lembredes que ides comigo no tren— este airiño que non é da miña terra, o *prâna* de Castela, estimúlame, exáltame coma unha infusión de vida. É o airiño frío e fino da amañecida, que vén de pegarse nesta terra dura e neste verde mozo e tenro. Embebédame un pouco, e o corazón emprincipia a bater un canto á Castela allea e estraña, en moito inimiga, decote rexa, máis dura que forte, máis enteira que grande, anque sempre grande e forte e impoñente e soberbia. Compréndese ben que os homes desta terra domearan... as que nos deixamos domear.

Xa outra vez erguín eu un canto a Castela, aló en terras de Salamanca. Tiven alí envexa da austeridade ríspita destes campos, e laieime, polo noso ben, de que a terra galega fose tan fermosa, e a xente tan doada para os estraños. E lembrei aínda agora os versos de Llobet:

Castilla, madre Castilla,
a los extraños extraña...

E non Galicia que é para quen garda o meirande agarimo. Castela, pechada en si mesma, refractaria ao alleo, soubo por isto mesmo imporse a todos. Galicia, a todos aberta, soamente soubo ser dominada. ¿Cando saberemos tirar o ensino destas verdades?

Alguén anuncia Burgos. Xa se ven de lonxe as agullas da Catedral, traspasadas de sol. Chegamos á estación, aparatosa e severa. Con sinxelas letras negras di orgullosamente: *Burgos*. Orgullosamente, nin máis nin menos. Velaquí ao menos a sensación que dan aquelas letras. Hai aquí algo que se impón, sen que un precise relembrar a historia.

Que se a historia relembramos poida que nos diga cousas dignas de nota. Poida que nos diga que namentres foi Burgos *Caput Castellae,* esta Castela era a Castela fraterna, xenerosa e libre, anovadora e europea que morreu coas Comunidades; e

cando Valladolid e Madrid decapitaron a Castela, foi cando esta fixo calar toda voz que non fose a súa. Castela daquela rematou de crear, e soamente lle quedou o expandirse; morreu a epopea e naceu o imperialismo.

Xa vai desfilando Burgos diante dos ollos: a cidade, ollada dende aquí, nin semella moi grande nin gran cousa. Chalés, hortas, arboredas, o encaixe da Catedral.

E segue estoutro mundo: igrexas románicas, meirandes, menos ricas de escultura, menos paisanas que as nosas. Nunha árbore, mesmo ao pé da vía, aparéceseme exótica e caricatural unha enorme cegoña no seu niño; co longo raro bico, raña unha das zancas. Saudei a esta heroína de fábulas, sen ter tempo de lle preguntar polos seus parentes os trasgos.

Pancorbo é unha estampa desas das pousadas, con montes de fantasía. E na estación de Miranda despídome desta terra almorzando café con leite.

O PAÍS BASCO

En Vitoria vin as primeiras boinas. Os bascos impuxeron ao mundo esta coberteira. A boina é aquí onde está no seu sitio: fíxose para tapar estas testas bascas de carrolo alemán. Mais lévanse en Galicia, en Portugal, en Cataluña, en París, en Berlín. As mulleres lévana en todos lados, e estalles ben; di moito co vestido moderno, e ás rapazas novas de andar solto e movido, estalles pintada.

En Vitoria vin as primeiras casas bascas, misturadas con chalés e con palacetes barrocos ou de confitería. Aquí encomenza Europa.

Entón, para ensaiar o robinsonismo da gran cidade —porque a gran cidade é propiamente a *Jungle* con toda a súa fauna— fixen unha cousa heroica: fun ao común, e laveime con aquela auga aceitosa e espesa do tren, que cheira a carbón de pedra e á química sospeitosa dos desinfectantes e dos xabóns líquidos metidos nunha esfera de vidro. Esta

vegada, o xabón era granulado coma a magnesia das purgas, non se desfacía ben nas mans, e deixaba nelas unha sorte de area farmacéutica sumamente estraña que rañaba a pelexa do pescozo... E aínda tiven o valor de pór o cuello e a garavata. Difícil práctica de Hatha-Yoga que eu tanto teño admirado neses señores que viaxan de cuello almidonado, e aínda dormen con el posto, aparecendo á mañá cunha raia negra polo borde, amalgama de suor e carbón. Esta ascética familiaridade co almidón pasmoume sempre, e faime lembrar os preceptos daquel xaponés que almidonaba a camisa toda, e apretaba a non poder máis o cinto e mailos tirantes, para estar decote alerta para o traballo. En serio: poida ser que este tormento físico sexa bo para manter esperta a conciencia vixiante, e que a comodidade e floxedade da roupa favoreza pola contra a divagación e a dispersión da conciencia. En efecto: os pobos europeos, almidonados, encinchados, entirantados, son activistas: namentres que os pobos orientais, de vestimentas folgadas e flotantes, son contemplativos. Os faquires da India, para concentrar o pensamento, procuran posicións forzadas do corpo, de verdadeiro contorsionismo. Cómpre que non esquezamos este ensino.

Unha chaira con montes no fondo; nos montes, neve; na chaira, igrexas. O bravo monte Aralar, as Tres Hermanas, a fábrica de cemento Cangrexo, Alsasua, pobo pequeno con casas bascas, onde baixan as navarras e fico só; Zumárraga; Ormaiztegui, un miquelete e un acordeón; Beazaín; Villafranca de Oria e a primeira casa cubista, que é a do Centro Navarro; Tolosa; Hernani... Por fin, Hendaia.

HENDAIA

Un valado tecido de ferro divide o andén, precaución arancelaria. Pola parte de afora, cos anteollos postos, o gabán posto, o paraugas no brazo —aquí chove máis que en Galicia— agardábame Luís Temes, cónsul de España en Hendaia, galego,

ourensán, e o que é máis aínda, da Praza do Ferro, onde espertou o seu espírito ouvindo o gurgular da fonte barroca e cisterciense sostida por tres sereas.

Na alfándega, unha riola de portugueses pobres, comestos de saudade, homes e mulleres e nenos que veñen traballar as leiras dos franceses que foxen do campo, e aos que non podo por menos de falarlles.

Poucos galegos se teñen decatado do que Portugal é para nós. Portugal é a Galicia ceibe e creadora, que levou polo mundo adiante a nosa fala e o noso espírito, e inzou de nomes galegos o mapa do Mundo. ¿Que precisión temos nós de galeguizar a Colón, en contra da súa expresa vontade, se temos a epopea lusíada? ¿Como imos facer que un xenovés ou un xudeu sexa máis noso que Fernando Poo e Tristán da Cunha?

Benito Vicetto —que é o Wells da historia de Galicia, como Wells é o Vicetto da historia universal— atina algunhas veces nas súas fantasías. El insiste decote na idea das dúas Galicias: a Galicia Lucense e a Galicia Bracarense. Embora se non poidan sinalar os lindeiros dunha e da outra, o certo é que tal dualidade, non soamente existiu, senón que foi decisiva —e por certo para mal— na nosa historia. En efecto: namentres a Galicia Lucense se entregou inerme e esquecida, os bracarenses souberon alongar Galicia deica o Algarve, sostela independente, e crear novas Galicias na América, na África, na India, na China e na Malasia. Namentres a historia de Galicia Lucense é un perpetuo fracaso político, a de Portugal representa o triunfo da Galicia ideal, da Galicia galega, e ten que ser para nós polo tanto un motivo de orgullo e de esperanza. Portugal é algo sagrado para nós, e por iso, a dor de Portugal séntea o galego de sangue no máis íntimo da alma.

De aquí a vergonza e a pena que me dá ver estes pobres irmáns nosos que deixan a súa terra os coitados, para poder gañar aquí uns poucos francos... Cómpre que Portugal se erga e non sabedes ben, galegos, como isto nos cómpre a nós...

Ímonos no auto do Hotel. Hotel grande, tranquilo e cómodo, á antiga francesa. É dunha señora rica, distinta e amable, que o ten máis que nada por costume de telo. Non vén a el máis que xente de certo tono. O comedor, grande e silandeiro, coas cortinas de encaixe botadas, está baleiro arestora. Servidos por Victorine, unha vella basca, grosa e fina, que sabe unha miga de español, xantamos repousadamente cousas dunha cociña familiar fina e rica, encomenzando por un caldo algo semellante ao noso: fabas, patacas e verdura, soamente que en lugar de unto, leva manteiga.

O Luís Temes ten as cousas preparadas. As súas ideas, moi francesas en moitas cousas, embora sexan adquiridas xa antes de el vir a Francia, eran ben merecentes de que eu as expuxese aquí en lugar das miñas, posto que el, ben diferente dos que somos amantes e víctimas desa cousa tan soez e plebea que se chama publicidade, non as ha dar ao público endexamais. Por iso quizais, o que fala con el, o que se achega ao seu criterio decote atinado e xusto, ten que deprender con el moitas cousas.

Hendaia é un pobo pequeno, anque esteso, con casas modernas, algunhas de estilo basco, e algunhas tendas boas. Un núcleo antigo, unha praia que se estende a dous quilómetros, e a estrada da estación, compoñen a vila. Na estrada da estación vivín e a praia non a vin.

O núcleo antigo ten unha praza que lembra Verín, con gran acera central, un quiosco para a música, árbores e tendas arredor. As rúas son de vila, con aceriñas estreitas, rúas mal empedradas; case todas son estradas. A igrexa nova, con moito releve e pintura de anxos imitando mosaico. Moita silla no chan e tres andares de tribuna de madeira, á que, coma en todo o País Basco, van os homes. Á dereita do arco triunfal está escrito o *Pater* en basco; á esquerda, en francés. Os cregos levan traxe talar e babeiro. Predican en basco e ás veces repiten en francés.

Do barrio da estación ao barrio antigo, pásase por unha ponte. No barrio da estación está nun curruncho dun baixo o Consulado de España. Alí amostráronme un antigo arcón de

ferro onde teñen os papeis. Está reforzado de bandas de ferro cruzadas e pechado cunha inxeniosa combinación de sólidos ferrollos. Obra de arte popular que crin basca, ata que despois puiden comprobar que era xermánica, ao velas igualiñas no museo de Bonn, na *Sammlung für deutsche Volkskunde* da capital do Reich, e aínda na exposición do Vello Berlín.

Da xente que se ve polas rúas de Hendaia hai tres tipos de homes: mozos bascos, anchos e colorados; empregados de tipo francés, con bigote, e tipos modernos rasurados. De mulleres, vese moita cara basca, mais soamente lembro unha rapaza fermosa de certo, de tipo firme, loira cor de mel, e a cara dun sonrosado difuso coma de luz interior. Non colle dúbida que a beleza das mulleres é un dos elementos constitutivos dunha nacionalidade, e un feito no que penden moitos outros; quizais a beleza das mulleres dunha terra decida da estética nacional e do feitío nacional do amor. ¿Non haberá na Alemaña quen se teña preocupado deste problema? ¿Non existe se cadra unha relación entre o barroquismo galego, poño por caso, e o feito de que en Galicia haxa tanta cara bonita e sexa raro atopar un corpo ben feito? ¿Non seguirán as columnas robustas de máis do noso barroco o canon das pernas das galegas?

Da fermosura ou fealdade dos homes, non digo, porque coido que non ten importancia na orde colectiva, por máis que teña moita na orde individual e das relacións sociais. En efecto: un home fermoso, pode ser para os outros homes, por este só feito, simpático ou antipático. Hai fermosuras masculinas que fan reaccionar positivamente, e outras que fan reaccionar negativamente. Non acontece o mesmo coa fealdade, a cal para producir bo efecto, ten que estar compensada por outras cousas. Ora ben, hai entre nós a tendencia a despreciar a fermosura masculina, e para isto non hai razón; ás veces ten un valor para o estranxeiro, e na vida individual, soe ser decisiva para as mulleres. Coido que os máis dos grandes homes que foron fermosos, renunciarían de mellor gana ao seu talento que á súa beleza.

SAN SEBASTIÁN

Xa eu dicía que o Temes tiña as cousas ben preparadas. Despois de botar un pedazo no Consulado, botamos a andar de a pé para Irún, pola ponte internacional do Bidasoa feita pola Deputación de Guipúzcoa, que cobra unha cadela de pontádego a cada un que pasa.

Irún ten unha rúa moi longa e moi moderna; con ledas e luxosas tendas. Na estación collimos un tren eléctrico, mellor que o Stadtbahn de Berlín, que cunha velocidade europea nos levou, por Rentería e Pasaxes, a San Sebastián.

Entramos por unha ponte *parisien* sobre o río Urumea, e ollei a primeira perspectiva de gran cidade, ao longo do río canalizado e con tres pontes monumentais unha tras da outra, co mar aberto no fondo. San Sebastián é unha vila de luxo, atendida constantemente cun coidado minucioso. Ten algo de Gran Hotel, e pode que esta psicoloxía domine nunha parte grande dos veciños.

Nunha tenda de óptica moi boa, oín a primeira longa conversa en basco. Porque o óptico, ou o que fose, despois de estar falando en francés cun señor, e despois de me ter ensarillado a min en castelán un longo discurso inzado de camelos científicos, de complicado tecnicismo helenizante do que non puiden comprender unha soa verba, adicouse a suxestionar en basco, primeiro a un labrego, e despois a unhas señoras.

Despois de subirmos ao monte Igueldo e ollarmos o fermoso horizonte de mar aberto e montes verdes ata o cume, fixemos pasando por diante do Gran Casino, algunhas consideracións sobre os xardíns urbanos. Mais a teoría dos xardíns non pode ser ergueita ata non a completar co estudiado no Trocadéro, no Tiergarten e en Sans-Souci. O Temes, observador minucioso e crítico agudo, vaime obrigando a me decatar de cada detalle: os xardíns para nenos; a escolleita de perspectivas con fondo para as rúas, coma esta que ten no cabo unha igrexa oxival; os letreiriños que din: "Cuidado,

escuelas"; a arboreda nas rúas, os chafarices; as caixas para botar os papeis; os letreiros en basco... E vaimo amostrando todo como exemplo do que nós temos que facer. El pensa que antes de nada, temos que educar os galegos e erguer o ton material da nosa vida, e que sen isto, se non pode matinar noutra cousa. Sen deixar de ver de que pé se doen, admira os bascos e mailos franceses. Quixera que os nosos emigrantes, en lugar de iren para América, onde van brutos e voltan parvos, viñesen para estas terras, onde tanto poderían deprender, principalmente, a perfectamente lograda alianza do progreso coa tradición, que fai que o progreso semelle aquí cousa natural, espontánea e enxebre.

A idea do Temes, un pouco desfigurada se cadra por min, vén ser pouco máis menos a seguinte: a obra do galeguismo preocúpase de máis das últimas cousas: conciencia, espírito, arte, pensamento, ciencia. Todo iso está ben e fai falla; mais antes, cómpre educar os galegos na limpeza, na comodidade, na boa crianza, na orde, na obediencia á lei, na utilidade, na estética pública, no urbanismo, no interés polo colectivo.

Non vai descamiñado. Mais cómpre saber primeiro se un pobo sen conciencia de si mesmo pode facer estas cousas que aquí xorden de seu, e que entre nós habería que impor cunha dictadura.

Todo pende en que ollemos as cousas coma saídas de dentro a fóra, ou coma formadas de fóra a dentro, a cultura dun pobo coma aposición ou coma desenvolvemento. Podemos supor que a cultura dun pobo medra por xustaposición de elementos, como medran as pedras, ou por desenvolvemento de predisposicións contidas no xerme, como medran os seres orgánicos; no primeiro caso, tería razón o Temes; no segundo, teriámola nós. Mais hoxe non se pode soster que unha cultura sexa unha xustaposición mecánica de productos indiferentes; unha cultura é decote unha unidade orgánica, é unha creación social, e polo tanto, é a forma exterior dunha alma colectiva. Por iso, en primeiro termo, a

cultura non é imitable. Velaquí o erro dos asiáticos que acolleron a cultura occidental, erro do que semella que se decatou Gandhi —e o erro dos americanos que cren ser os continuadores da cultura europea. América posúe tódalas formas externas do europeísmo, mais non as esencias, non o senso, non a alma, que as creou. Algúns americanos xa se van dando conta disto, e antes, xa outros andaran á procura do senso da vida, índoo buscar deica a India. Máis atinados andan se cadra, os que o procuran no indianismo americano. Ora, elementos isolados poden pasar dunha cultura a outra, mais para que de algo sirvan han ser incorporados, asimilados nela, *aculturados,* e cando isto acontece, eses elementos decote trocan de senso.

O caso de Galicia é un caso ben estraño, por certo. Pertencendo dende logo á cultura occidental, a súa posición de *fisterre* pona nun estado de incompleta asimilación. A historia amostra isto na serodia introducción do gótico —a arte máis propiamente occidental— entre nós, e a nosa difícil comprensión dese estilo, que se pode observar por exemplo, nun sepulcro da nave da Epístola da Catedral de Ourense, e aínda nos baldaquinos góticos das igrexas de Xurenzás, Serantes, e outras que non lembro da terra do Carballiño e do outo Ribeiro. Non coñezo de abondo os bascos para saber se as cousas por aquí andan ou non do mesmo xeito; mais dende logo, no que toca á cultura moderna, á civilización, os bascos son europeos perfectos: os cachivaches do progreso son para eles cousa familiar, que nin tan sequera lles causan ese pasmo dos nosos paisanos cando os atopan na América.

E convindo en que hai que civilizar Galicia, insisto en que cómpre proceder de adentro para fóra, primeiro o espírito, primeiro a alma, primeiro a conciencia galega. Soamente espertando a conciencia galega poderemos facer xurdir a arela de melloramento e o espírito de sacrificio preciso para crear e soster todas esas indispensables pequenas cousas adxectivas, que necesitan o esforzo constante de todos, que semellan doadas e non o son, que son case imposibles nun

pobo sen conciencia de seu, e que se dan de seu nun pobo que a posúe. Pensemos soamente no urbanismo, e ollaremos a suma inmensa de sacrificio, de desinterés, de acatamento á autoridade, de participación de todos nos problemas que plantexa, de cultura, de sabencia, de espírito que cómpren para a realización dunha cidade moderna, e digádesme a min se isto pode ser onde o patriotismo se non impón aos intereses particulares. Os bascos teñen limpeza, cartos, instrucción, crianza, belas cidades, teléfonos, estradas con asfalto; mais fixémonos ben en que teñen unha conciencia nacional moi forte, unha soberbia de raza primixenia e un idioma que ninguén entende non sendo eles... E aínda aquí non está fóra de lugar unha *chirigota,* que puidera ser paradoxa, que puidera ser sentencia: ¿Como imos querer que o noso pobo se lave, se aínda está deitado durmindo?

Nun comercio ollamos unhas belas manchas de tinta do pintor Marín Ramos. É xa un pouco pasado o gusto destas cousas. Marín Ramos, de quen vira eu unha exposición en Madrid, hai anos, co Castelao, vive aquí agora. No Café da Marina vímolo pasar, gordo e barbudo.

Cando chegamos a Hendaia a cear, xa todo estaba en silencio, pouca luz e ninguén pola rúa. Vida francesa: ás nove da noite, todos recollidos. Por frente, alén da Bidasoa, cintilaban en troques os milleiros de brillantes luces de Fuenterrabía.

CÁMARA DE HOTEL

Confeso que lles teño lei ás pousadas, e que en calquera onde estea tendo a atoparme ben. Quizais sexa unha contradicción do meu carácter. Prefiro —e isto si que non contradí en nada a miña *Weltanschauung*— as pousadas aos hoteis, e nun hotel, canto máis se asemelle a unha pousada, mellor me parece.

Esta cámara onde me trouxeron é máis de pousada que de hotel, no bo senso da verba; pode se queredes de pou-

sada fina, ou de pousada elegante, anque coido que mellor sería de lle chamar *pensión,* nome que xa se vai internacionalizando. Cámara coma para morar nela un cóengo, un maxistrado, un señor raro, un home metódico, un modesto sibarita.

É unha cámara grande, que ten dous leitos coas súas mesas de noite, imitación bambú, facendo xogo cunha mesa central cuberta con tapete, e cun armario de espello. Dúas amplas fiestras, dando a rúas diferentes, coas súas cortinas de encaixe, deixan entrar á mañá toda a luz e toda a paz e todo o criar dos paxariños. Hai para o inverno unha cheminea de mármore con espello enriba, a vella cheminea francesa das novelas, a cheminea que non sei por que citan sempre Dumas, Sue e Ponson du Terrail. O lavabo é á antiga, de madeira, e ten enriba dúas barreñas coas súas xerras de pedra, con deseños azuis, as toallas moi ben dobradiñas, e no piso un cubo con tapa. Hai un gran colgador con moitos tornos de pao, e unha cortina de cretona por diante. Cada leito ten seu alfombrín, e cada mesa de noite súa palmatoria coa súa vela, por se a luz eléctrica fallase de noite. Axiña inquirín se había orinal na mesa de noite, porque me dixeran que nos Estados Unidos, ou sexa no Norte, como din os nosos paisanos, non os había, e tiven medo que este fose un detalle de modernidade deses que impoñen a cotío ao home novos tormentos... Habíao: estaba en terra civilizada. Non sabería dicir canto me tranquilou o resultado deste inquérito, a íntima satisfacción que puxo na miña conciencia, a seguranza e a calma que me deu. Habería que ver o estranxeiro que me eu sentiría, o abandonado, o isolado, o desamparado, se non chego a atopar o bacín no seu sitio. Hai que pasalo, como o estou pasando en Berlín —porque en Bonn habíao tamén— para saber o que iso significa.

Por fin, ademais de dúas cadeiras soltas, había un bo sillón de brazos, renchido e con aplicación de crochet na cabeceira.

Durmín dun pulo, e para o outro día erguinme cedo, abrín as dúas fiestras, ollei o sol nas casas e nas árbores e nos montes, laveime, a Victorine tróuxome café, leite, manteiga e

pan para o almorzo. Só e case espido, coa bata e o camisón, no sillón de brazos, co almorzo na mesa central, ouvindo os paxaros e ollando o verán, repousadamente almorcei e botei un pito, alí no sillón, beira da mesa. E sentinme ben, ata co gozo de non facer nada, no que está se cadra o senso máis fondo de tantos sensos como ten a vida. E contemplei agradecido os mobles e as paredes, e o servicio baleiro, e a borralla do pito, e a luz, e o verde.

No fondo disto hai un evanxeo que o home esquece e desatende, levado da megalomanía: o evanxeo renacentista do impresor Plantin, do *Beatus ille,* a poesía latina máis veces traducida ao galego, séntese pagán-cristián dun ideal que está morrendo soterrado baixo dos cimentos da Torre de Babel.

Mais, ¿ata cando vou seguir sendo escravo da literatura? ¿Para que matinar arestora no porvir do mundo, e derramar deste xeito o instante este que estou pasando, e que se cadra tarde virá outro, quizais soamente cando volte á miña casa? Que parvos son os homes, ía dicir —e claro que é certo—, mais neste instante soamente debo dicir: ¡que parvo eu son! Se me deixase vivir todo o tempo, non lle roubaría minutos ao estar ben, para os derreter en fume de pensamentos que non han, ao cabo, de dar proveito a ninguén.

O POBO BASCO

Xa vestido, fun buscar a Temes, e fomos os dous ao Consulado. Están facendo un novo, moi boa casa no estilo moderno, mais aquí onde está, non se revolve un. Hai dúas mesas, armarios, mapas, libros: os códigos andan por riba das mesas, claro está.

O intelixente canciller Lafon amostroume uns cadernos nos que ten pegados os retratos dos pasaportes: os máis, deixándose levar dos apelidos, son bascos, de xeito que aquí se pode estudiar o tipo fisionómico da raza. De xeito que, empiricamente, sen lembrar ningún estudio antropolóxico que un

teña feito, pódense observar dous tipos diferentes: un teutonoide, co tramo medio da cara curto, e o nariz tendendo á curva cóncava, tipo semellante ao de moitos alemáns, e que soe coincidir coa constitución atlética, cadrada, de largo lombo, tipo muscular. E outro leptoprosopo e aguileño, co tramo medio da cara moi longo, sen gran diámetro bicigomático, senón en xeral de cara estreita, e coincidindo ben cun tipo atlético, ben cun tipo asténico. Os dous tipos teñen a decisiva e inconfundible expresión basca.

O que se non ve na colección de retratos de que falo, e que Lafon titula ambiciosamente *Libro de la raza,* é o perfil basco: tódolos retratos están de frente. E o perfil paréceme a min que é o máis característico desta raza. É un perfil especial, tendente á verticalidade, e de pouco releve. Nel aparece un nariz no tipo leptoprosopo —longo, mais non longo de adentro para fóra, senón de enriba para embaixo, sen que destaque moito do perfil, sen que se marque moi saínte: é un nariz contido e coma domeado por unha forza interior do individuo—. A fronte soe ser estreita e un pouco botada para atrás, e a queixada, que de frente non ten importancia, no perfil aparece adiantada e firme, signo inequívoco de carácter.



Perfil basco leptoprosopo



Perfil basco teutonoide

Lembro, claro está, a admiración que o Lousada Diéguez tiña polos vascos. Esta raza non sabemos cantas veces milenaria, enigma antropolóxico e histórico, como a súa fala é un enigma lingüístico, leva en si un sinal de eternidade. O pobo basco ten que vivir: sostén o seu con forza extraordinaria, e conseguiu unha alianza nada chocante, senón pola contra, moi natural da tradición co progreso; tan natural, que semella que tiña que ser así, e que non podía ser doutro xeito, e aínda souberon facer de certos detalles de progreso, características nacionais, ao menos dentro da España, e que chaman a atención de tódolos viaxeiros. No fondal da alma así e todo, quizais os bascos saiban ou sintan que o progreso en realidade non é nada fundamental, senón accesorio, un medio, un instrumento, unha arma para defender a tradición, e que se aquel mata esta, daquela xa non serve de nada, xa perdeu el mesmo todo o valor que podía ter.

É certo tamén que hai en Basconia, coma en Galicia, moitos desleigados. Aquí coma acolá, hai tamén moitos homes —e a xente pensa que os mellores— desenreigados do basquismo e totalmente incorporados á vida e á cultura castelá: Unamuno, Baroja, Maeztu, etc. Concedamos por un instante que estes sexan os mellores —cousa que en Galicia non acontece— ¡cal non será a forza desta raza, cando así e todo, por riba deses exponentes alleeiros, logra impor os enxebres valores colectivos da caste! Cómpre, no caso dos bascos, conceder toda a importancia que teña a dous elementos superiores de cohesión social: un é a raza, e o outro é a relixión. Dixérase que aquí o sangue, a seiva sagra do carballo troncal, da árbore dos antergos, é tan forte, leva disolta tal cantidade de vida nova, moza e puxante, é tan vermella e tan quente a pesar dos séculos, vai tan osixenada, tan cargada de *prâna* vital, que o seu fervente bulir se purga de seu dos escarríos perigosos da intelixencia, e mantén o ritmo da saúde no pulso do país. ¿El como fixo este pobo para manter o seu sangue tan puro? Non o sei, mais si sei que unha das súas características é a castidade. Ramiro de Maeztu escribiu unha vez, e débeo saber sendo de alí, que os máis dos rapaces bascos ían virxes ao casamento.

Cómpre ver aquí un dos medios máis importantes de preservación da raza, non soamente no físico, senón no espiritual, porque isto indica un pouco de inocencia primixenia.

O outro elemento é a relixión. Claro está que os hai relaxados, mais en conxunto, este pobo sóubose manter preto de Deus, na máis estreita comunión da Igrexa Católica; foron fieis ao estandarte de Cristo, e non lles fallou a súa axuda. A vida dos homes prémiase ou castígase principalmente no outro mundo; a dos pobos é neste onde recibe o pago que merece. Os teósofos falan non descamiñadamente do *karma* nacional; o individuo pode desviar o *karma* de si, e para iso serve a penitencia; mais os pobos non poden. E quen fala dos pobos, fala tamén, neste respecto, de tódalas colectividades humanas. A teoría do pecado colectivo, do pecado social, indiqueina eu en *A Coutada*. Para desenvolvela cóm-pre estudiar na Sagrada Escritura, onde se atopa todo o que ao home lle cómpre saber. Dioivo, confusión de linguas, catividade de Babilonia, etc., son sancións impostas a pecados desta clase. O que non colle dúbida, e aínda postos no puramente humano, é que a relixión é unha das grandes forzas de efectividade histórica dos bascos.

E aínda hai a fala, tan exclusiva, e dun interés tan universal coma problema, que ademais négase a entregar o seu segredo. É moita a xente que non fala máis que basco; aquí mesmo, na fonda, hai unha criada española que nin sabe francés nin español. Acontece a miúdo que entre dous españois (un basco e outro castelán) teña que servir de intérprete un francés, ou entre dous franceses no mesmo caso, un español. Tódolos bascos teñen o orgullo do seu idioma. O acento é un pouco áspero e duro, coma o castelán, e a maneira de falar moi súpeta e cortada.

FUENTERRABÍA

Despois de xantar, voltamos ao Consulado, onde estiveron traballando un pouco, e despois collemos un tranvía

para Irún. Na ponte internacional, tivemos que baixar para pasar pola alfándega, entrar por unha porta e surtir por outra. En Irún collemos outro carro eléctrico para Fuenterrabía.

Polo camiño, vimos moitas casas bascas, e letreiros en basco. En todos estes pobos, sexan de Francia sexan de España, os letreiros todos: nomes de rúas, avisos nas estacións, etc., están en basco e na lingua oficial: basco e francés ou basco e español. Moita boina. En Irún seguían as riolas de portugueses: os seus chapeus e os seus bigotes amóstranos axiña.

Fuenterrabía é unha vila preciosa. A parte antiga é dun tipismo sorprendente: casas de moitos pisos, con corredores de pao en case todos eles, especialmente nos de máis enriba. Saedizos de pao nos tellados, con trabes primorosamente traballadas. Soberbios pazos con enormes escudos, todos eles artísticos. A casa típica ten principalmente un frente de pallabarro entre dúas paredes de pedra, que de andar en andar, veñen cortadas en ondas de ménsula ou calzorro de barbacana, coma nunha que hai na rúa aquela de Ourense que a erudición municipal do século pasado fixo chamar de Lepanto, e que moita xente segue chamando do Tecelán. Deste xeito, cada un dos andares, de embaixo enriba, voa un pouco máis que o inferior. Ademais do baixo soen ter dous ou tres andares, ás veces catro. Moitas veces en cada andar, tres ocos: balcón no medio, voado ou non, e dúas fiestras aos lados, con poial de madeira. A madeira domina nos frentes, e como hai moitas adornadas con tallas, hainas que semellan obras de ebanistería. A *Pampinot Calea* é a rúa que resulta máis interesante neste respecto, das que eu vin.

As casas modernas imitan con gran variedade e fantasía este tipo, e hai edificios verdadeiramente fermosos en toda a parte nova de Fuenterrabía, que é a da praia, toda de casas de luxo, cunha magnífica mirada riba do mar, e o mesmo refinamento de sabia urbanización que en tódalas vilas do País Basco.

Tamén é interesante a rúa da Mariña, barrio dos pescantíns, con toda unha banda de casas vellas, coas súas portas de cristais nas tendas e os seus visillos de encaixe nas fiestras.

A igrexa oxival, nunha rúa en costa moi pina, con pazos e casas antigas, pola que soben dúas inglesas vellas, namentres baixa unha pesca berrando:

—Anchu...iii....

Que seica son sardiñas. Vendo as inglesas, o Temes di:

—Mira estas dúas maletas: velas aí van, veñen aquí e non se enteiran de nada.

En efecto, as dúas vellonas británicas semellaban indiferentes a canto vían. Viaxaban por costume, por mimetismo, coma a maior parte dos turistas. A explotación do turista é unha das cousas máis xustificadas que hai; o turista foi creado para isto, para tirarlle os cartos. Xa que o aturamos, cómpre que pague. Porque o turista é o becho que derrama tódolos panoramas, e que emporca tódolos lugares históricos. Un turista onda un monumento é coma o producto dunha defecación riba dun sofá. O turismo é fundamentalmente, profanación; tivo que nacer no tempo en que o home se deu a brincar con tódalas cousas sagras e con tódolos misterios, e foi a consagración da impiedade. ¿Que diriamos dun home que fixese unha exposición pública de tódalas lembranzas íntimas dos seus pais defuntos, de tódolos segredos da súa vida reservada, de tódolos misterios do fogar en que naceu, e cobrase a entrada? Pois cando un pobo iso fai, admirámolo, e procuramos de lle seguir o exemplo. E nembargante, o turismo é o máis inmoral dos negocios; é o que máis se asemella á prostitución. Cómpre ver ben o que significa de perda de pudor e de vergoña. Cando un monumento se abre aos turistas, cómpre lembrar aquilo de que se non deben botar margaridas aos porcos, porque o turista é por esencia a incapacidade de comprender, xa non digo a de amar. O turismo é un negocio inmoral, mais, posto que é negocio haberá que facelo, xa que estamos no tempo; mais lembrémonos de que é un pecado de simonía, de comercio coas cousas santas, un pecado social, dos que falei non hai moito, e de que tarde ou cedo, haberá que pagalo, haberá que aturar os seus resultados kármicos cando menos o pensemos.

A igrexa ten enriba un friso gótico moi fermoso, e vidreiras de cores nos ventanais. Non vimos a sacristía, que encerra un tesouro, segundo rezan os *afiches* que hai na porta.

O castelo ten cousas interesantes dentro da súa mole prismática. Nas ruínas oxivais cheas desa vexetación das ruínas que tanta compaña fai na soidade, hai entre moitas balas, cachorrillos, etc., recollidos en obsequio do turista, uns cacharros con plantas que deben ser de cerámica indíxena, con adornos en oco de losangos e espirais. O que aquilo dá gana é de ir alí ás tardes ler, ou meditar, ou sinxelamente estar; digo ler e meditar, porque hai pouca xente capaz do terceiro. Ora que onde mellor se ve a inutilidade da lectura é precisamente onde se está ben: mais tamén é certo que estar ben nunhas ruínas, entre ortigas, amentas e canafrechas, é cousa que se cadra esixe ter lido moito.

Enriba hai estancias con vouta, desertas, nunha dous canóns pequenos, do século pasado, nas súas cureñas, cos seus escobillóns e atacadores, noutra un altar vello, noutra un taller de carpinteiro, onde estaban facendo unha talla basca. Enriba a terraza á que se vai nun ascensor. Dende alí vese abaixo Fuenterrabía, coas súas rúas en costa, típicas, aló Irún, as tres Hendaias, a punta tras da que está Biarritz; acó o cabo Higuer, ao que se vai por unha estrada feita a tergo.

Despois, no barrio novo, sentados por frente ao mar aberto, diante de nós bailaban na auga movida as barquiñas de cores, cada unha con outra pequena enriba, coma unha nai co seu fillo, e aló lonxe, atrás dos penedos que chaman *les deux Jumeaux,* asomaba unha punta, e nela o faro de Biarritz.

LE MAIRE DE SOASAIN

Á mañá seguinte ocorreu un sucedido. Estaba eu escribindo na miña cámara aquela de hotel tan feita para min que alí debín quedar se cadra o tempo todo, en lugar de vir para

Berlín, cando Temes chamou na parede de por medio, petando coa man. Vou onda el e nisto chega a señora do hotel dicindo que estaba alí o Maire de Soasain con dous velliños españois, para ilos meter no hospital de Irún. Baixamos, e entrou o Maire, coa súa boina.

Este alcalde francés, por máis que sexa francés de orixe, fala moito mellor o español que non o francés. Claro está, no seu pobo fala basco, e logo botou moitos anos en Cuba, onde ten unha fábrica de curtidos. Alí, os obreiros que tiña eran galegos, e ten da nosa xente unha idea moi outa: traballadores, serios, ben criados, listos. No salón do hotel, o Temes convidouno a un Porto, que é o que aquí é moda tomar. É un home de tipo labrego, ben vestido, con gran leontina de ouro, cortés e intelixente. Falouse de Cuba, dos galegos, dos portugueses, de Vigo, onde estivo. Despois baixamos ver os enfermos, que traía el nun auto en compaña da súa dona.

O velliño chámase Carlos Madrazo, é español de nacionalidade, ten unha gran cara basca das que se non trocan, escorreitamente rasurada, un traxe moi limpo, a súa boina, a súa camisa sen colo, coma a neve. Pouco pasa dos setenta anos, mais así e todo está impedido das pernas, e moi desfeitiño e esclerosado. A vella chámase Josefa Oyarzábal e é de orixe francés, magra e macia, penteada para atrás e cun mandil con bolsos. Dóese un pouco do peito. Ningún dos dous fala máis que basco. Non teñen a ninguén no mundo, ficaron os dous soliños, e agora van rematar a súa vida nun hospital, os pobriños. E debían ser benqueridos onde estaban, porque o mesmo alcalde vén coa dona traelos, e di que estaba o pobo todo a despedilos... Cando queden no hospital de Irún, xa non terán nada, nin amigos, e o que lles quede de vida irase apagando pouco e pouco e na espera da morte. Namentres estean os dous sequera non terán a negrura da soidade: poderán falar os dous das súas lembranzas e das súas dores; mais ¿que van ser os derradeiros días do que vexa morrer o outro?

Imos tomar un coche de cabalos para Irún: o maioral, español que xa non sabe falar máis que francés, di que non pode entrar na España, porque é desertor. Vai buscar outro. Namentres, outro Porto, no café, co Maire e a súa dona, unha paisaniña vestida de señorita, moi simpática e educada, que tamén fala basco, español e francés. O café, pequeno e cheo de espellos, frente á estación, ten xente que fala e ri.

Vén o coche; os Maires soben a el cos velliños, e nós imos de a pé pola estrada asfaltada que bota lume, e baixo do sol que queima que dá xenio; gracias ás árbores que nolo quitan un pouco. Chegados a Irún aínda hai moito camiño deica o Hospital, que é moi bonito e limpo, con xardín moi coidado dediante e monxas dentro, e médicos e practicantes de bata branca. Alí quedaron os pobres velliños; o Maire e a dona despedíronse deles con moito agarimo. O Temes recomendoullos a un médico novo. Daba pena deixalos alí.

Despois fomos dar unha volta por Irún cos Maires. Andamos a avenida de Colón. O Maire entón dixo que de Colón uns dicían que era galego e outros que era italiano.

Agora vese ben que boa a armou aquel deño de don Celso García de la Riega. As hipóteses máis aventuradas e mais fóra de camiño soen ser as que teñen mellor fortuna, sobre todo cando son contraditas pola xente verdadeiramente entendida; e as cousas que menor importancia teñen para a vida dun pobo, son moitas veces as que ese pobo colle con maior porfía; o cal proba que decote o que domina nos homes é a parvada, e que o bo senso e a intelixencia son decote herdamento das minorías. Non colle dúbida de que a de Colón galego foi e aínda é nas colonias galegas de América unha tese popular, e hai para isto fundamentos psicolóxicos de abondo: dun xeito superficial, o feito de o galeguismo de Colón ser un tema que nin pintado para discutir no café, e aínda máis o de poderen, cando os americanos falen mal dos galegos, responderlles que se non fose por un galego América estaría en estado salvaxe, ou calquera cousa polo estilo, con seguranza contribuíron á popularidade da

tese. Mais hai algo máis fondo e máis importante: a secreta esperanza de que os sabios saian vencidos na porfía; en realidade, en todas estas discusións de carácter científico que chegan ao gran público —exemplo tamén disto o asunto de Glozel— o vulgo semiletrado, conscientemente ou non, non agarda outra cousa. De modo e de maneira que se a Academia Galega e a Academia da Historia se non puxesen contra da teoría de don Celso, non tería esta fanáticos partidarios. Mais así había a esperanza de que don Celso chegase a probar a súa tese dun xeito decisivo, e por tanto de que os sabios quedasen en ridículo. Don Celso sería un vingador, que vingaría ao vulgo semiletrado da sabencia de Oviedo Arce e demais señores das Academias. É o sentimento social do resentimento que aluma tódolos iconoclasticismos e que, no mesmo terreo da ciencia, produciu, misturado con outras tendencias, o caso do doutor Asuero, aquí ben preto, que antonte me amostraron o hotel onde consultaba.

Mais a importancia que lle eu atopo ao meu encontro co Maire de Soasain, pende na consideración de que tamén en Francia, e nunha das súas terras máis cultas e civilizadas, hai quen non sabe falar francés, sen que isto lle sexa un estorbo para vivir, e incluso pode haber un alcalde que fala mellor unha lingua estranxeira que non a lingua oficial do Estado. Se isto non nos ensina algo, é que somos parvos.

HENDAIA-PARÍS

E chega por fin o instante de deixar o País Basco. O meu propósito que xa non é un propósito, senón un compromiso, arrempúxame cara a un obxectivo lonxano e descoñecido. Arestora, en realidade, eu estou literalmente *facturado* para Berlín, porque fóra do meu compromiso con quen me paga, levo un billete directo que, polos cartos que me custou, e principalmente por non ter para outro, obrígame a chegar a Berlín nun tempo determinado. Ora, isto todo argalleino eu,

en usanza da miña libérrima vontade; fun eu quen se encadeou a Berlín con grillóns de papel e diñeiro, e agora, por moi fermosa que sexa a súa fala, por moi acolledora que sexa a miña cámara, por moi discreto e amigo que sexa o Luís Temes, non hai remedio senón espilirse para cumprir fielmente o programa.

Polo tanto, ¿que é o que é mellor: ter un fito ou non telo? Eu teño deprendido no Tao-teking, que aquel que se propón un fito, arrédase por iso mesmo do *senso* (*tao*), que vén ser atrás do que eu quixera andar. Tamén din alí que hai dous camiños para abranguer o senso. O problema resólvese para a nosa mente actual, se cadra nestoutro: ¿débese un guiar pola inspiración? Sempre teremos que, orixinalmente, quen nos presentou o primeiro fito, ao cal os demais veñen subordinados foi decote a inspiración, e quen en cada caso ten que decidir o dilema, é aínda a inspiración, os motivos inconscientes. Se cadra, é decote a inconsciencia luminosa tamén a que guía a aplicación da conciencia vixiante. Mais decote tamén fica en pé que o que se propón un fito perde a liberdade e vén ser escravo dese fito; pero un home que non ten un fito, ¿que é, que vale, para que serve? ¿Mais é que cómpre servir para algo? ¿É que cómpre valer? ¿É que cómpre ser?... Ser... Namentres preguntamos as outras cousas: servir para algo, valer, é doada a negativa; mais cando se trata de ser, ¿quen é o home que se atreva a afirmar que non debería ser? Pode ser negada —coma valor— a existencia, non a esencia. E cada home pende na súa estimativa da súa esencia concreta.

De todos xeitos cómpre marchar. Xantamos no cómodo e fresco comedor do Hotel, caldo, fígado fritido, non me lembro que máis, compota, queixo e café, e despois de consumir estas especies do País Basco, alongamos a sobremesa deica a hora do tren, gozando de estarmos quedos e en paz.

O Luís Temes veu comigo ata Baiona. Na *gare* de Hendaia, vin a primeira muller pintada: dous luares na meixela esquerda, sobre rosa. O meu cofre faime pagar 14 francos de exceso de peso.

De camiño, vemos St. Jean de Luz, Bidart (*Ayer enterraron a Charles Mauleon —en el pequeño cementerio de Bidart— Iban las mozas y los mozos de Arbonne —Y los marineros del mar—),* Biarritz. As casas bascas seguen en gran variedade ata Baiona, e a boina ata Burdeos. Ata Baiona, a liña está electrificada; o tren detense moi pouco, e dende Baiona colle moita velocidade. No meu departamento van dous señores: un moi pulido, de fatelo gris, colo de paxariña, puños almidonados e antiparras, con seguranza enxeñeiro, non podía ser outra cousa; outro tipo de francés basto.

A paisaxe cambia dende Baiona: longos piñeirais, sobreiros, touza con carballos, moito toxo. Despois unha gran chaira con piñeiros: as Landas. Unha herba aeriforme coma unha polvoriña, que semella pelo de lobo. Vacas pintas, en branco e negro ou en branco e vermello. A xente ara con bois. Casas grises, moitas de madeira, baixas. Aldeas pequenas, algunhas con igrexa con torre de capitel agudo.

As casas dos garda-agullas teñen pretensións aldeás: todas estándar, por suposto. E teñen unha hortiña semellante á de Mr. Boivin, chamado Boileau, o amigo e compañeiro de oficina do burgués Mr. Patisot.

Por fin, Burdeos. Aquí estou un pouco na miña terra: aquí naceu un dos meus avós. Gran estación onde o tren para preto dunha hora. Baixei pór un telegrama e mercar uns *sandwichs* para a cea. Paseei polo andén: canseime, e volvín subir ao tren. Entrou un señor ben fardado: pantalón, chaleque, chaqueta e gabán, todo do mesmo pano a cadriños miúdos castaño claro, fita vermella da Lexión de Honor, boina, luvas brancas, boa mala de coiro, anteollos, cara rasurada. Tirou gabán e chaqueta e ficou en xersei, tirou ó cabo, os zapatos, puxo unhas zapatillas sacou unha petaca, e un xornal, acendeu un pito e púxose a ler. Despois colleu unha manta e unha almofada e deitouse ao longo do asento. Eu fun escribindo na mesiña ata que cansei. Despois comín os *sandwichs;* despois tirei a chaqueta e os zapatos, corrín as cortinas, apaguei as luces, deiteime debaixo da miña manta, e...

Acordei preto de Orleans. Imos pola gran chaira *à perte de vue*. Despois de Orleans, laveime e puxen un traxe de día. Despois lembro soamente a linda paisaxe de Étampes, e a primeira máquina agrícola.

PARÍS

Ninguén me agardaba no Quai-d'Orsay. Quizais debera observar, en obsequio dos pasmóns, que subín pola escada xiratoria, que por certo ten tanta sona, que en Berlín, onde hai varias, ouvín falar dela. Ben. Entón fun á oficina de información preguntar por un hotel. Había alí un pobre portugués a quen non entendía ningúen; naturalmente, ofrecinme de intérprete: o pobre home procuraba un tren para Hendaia, que non había deica a noite. Desolouse todo. Preunteille se tiña diñeiro para xantar, díxome que si. Entón, despois de me informar eu, agarrei carteira, maletín e manta, e fun onde me dixeran, alí preto, Hôtel des Étrangers, rue de Beaune. Xa no portal, vin que era cousa ruín, mais por non andar cos chismes ás costas, pedín unha habitación para esta noite, e alí deixei quedar todo.

Era domingo, e había que ir á misa. As rúas desertas. Unha campá soaba preto, e guiado por ela fun pola rue Bonaparte, dar a Saint Germain des Près. Igrexa duns cantos séculos de historia enriba. Moita xente, gran suízo, conserxe de frac, con cadea ao pescozo, cara moi imitante á dun amigo meu de Pontevedra, misa moi ben cantada no coro e outra rezada no fondo do ouso románico, colecta no ofertorio.

Despois fun almorzar alí de frente, na esquina do Boulevard Saint Germain, no Café des deux Magots. Logo, seguín todo o Boulevard deica o cabo; pasei por diante da Sociedade de Xeografía, onde había anunciado para aquel serán, cultos mormóns, e unha conferencia da Loge unie des Théosophes. Os mormóns levan un nome simbólico: Les Saints des Derniers Jours. Simbólico e quizais profético: ¡quen